


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

22-23 de abril do 2023

III SEMANA DO TEMPO DA PASCUA



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 1 A Cristo cantamos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Aquí estamos porque cada oito días, con toda a Igrexa reunímonos para festexar a Pascua do Señor, a súa vitoria sobre o pecado e a morte.

Hoxe achegámonos aos discípulos de Emaús. Eles recoñeceron a Xesús ao partir o pan na casa, nós queremos sentilo camiñando á nosa beira, queremos descubrir a súa luz alumeando os nosos carreiros, queremos escoitar a súa palabra que tanto nos alenta, e queremos compartir a igrexa e facer comunidade con el. Xa non son aqueles discípulos, somos nós; xa non é en Emaús, é na nosa parroquia.

Con Cristo feito Pascua á nosa beira cantámoslle

🎵 *nº 1 A Cristo cantamos*

ACOLLIDA DA AUGA

Celebrante: Fixemos memoria do noso bautismo na celebración da vixilia pascual. Alí compartíamos a auga de toda a comunidade dos Cotos, e agora aquí ante esta auga de vida que nos une en parroquia, queremos lembrar os compromisos, queremos sentirnos confiados en Deus, queremos ser exemplo de optimismo e ilusión, queremos agradecer a vida coa que Deus nos agasalla.

🎵 n° 2 *Ide e pregoade*

Celebrante: *Damos grazas dicindo:*

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

Monitor/a

- * Deus creador de todas as cousas, que pola auga e o espírito, nos fixeches renacer á vida do evanxeo
- * Xesús, Ti que convidaches á primeira comunidade a ser testemuña anunciando o evanxeo a todas as xentes
- * Espírito Santo, que fas renacer á Igrexa polo alento da Pascua, e que nos convidas a ser auga viva

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo agradecidos por poder compartir a Pascua.*

(Silenzo)

Celebrante: Deus de eterna misericordia, ti dálle azos á fe do teu pobo coa celebración destas festas.

Alegrándonos de ser igrexa feita dende a casa, vémonos renovados e rexuvenecidos pola VIDA DA PASCUA.

Que coma os discípulos de Emaús poidamos agardar con esperanza firme o día glorioso da RESURRECCIÓN. Pedímoscho, por Cristo, a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Imos escoitar a Pedro falándolle aos veciños de Xerusalén, e imos escoitalo falándonos a nós. El quere contar a experiencia do vivido con Cristo, quere contar a doazón de vida na cruz, e quere contar que é unha vida RESUCITADA.*

No evanxeo Xesús acompaña a dous discípulos fuxindo para Emaús. O medo non lles deixa descubri-lo ata que na casa comparten o pan.

Acaso non é o que agora estamos nós a vivir?. É hora de abrir os ollos e o corazón para darnos conta de que Cristo está aquí compartindo á nosa beira.

LECTURA DO LIBROS DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Daquela, Pedro, de pé cos Once, levantou a voz e díxolles:

- Xudeus e todos os que habitades en Xerusalén: entendede ben e escoitade as miñas palabras:

Fálovos de Xesús de Nazaret, home acreditado por Deus ante vós por milagres, marabillas e sinais que Deus fixo por el entre vós, como vós mesmos sabedes; a este, entregado conforme ao plan establecido e á previsión de Deus, matástelo crucificándoo por man de impíos. Pero Deus resucitouno, librándoo das dores da morte, pois non era posible que ficase baixo o seu dominio.

Palabra do Señor

🎵 *nº 8 No colo da miña nai* SALMO

(en pé) Leccionario I C páx 149 Lc 24, 13-35 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela, dous dos discípulos ían aquel mesmo día (o primeiro da semana) camiño de Emaús, unha aldea que está a uns dez quilómetros de Xerusalén. Ían falando de canto pasara.

E resulta que mentres parolaban e discutían, Xesús en persoa, achegouse e camiñaba canda eles. Pero os seus

ollos estaban incapacitados para o recoñecerem. Entón preguntoulles:

- De que ides falando polo camiño?

Eles pararon cun semblante moi tristeiro, e Cleofás, un deles, respondeulle:

- Seica es ti o único forasteiro en Xerusalén, que non sabe nada do que pasou alí durante estes días?

El preguntou:

- De que, logo?

Eles contestaron:

- Do asunto de Xesús o Nazareno, que foi un profeta poderoso en obras e palabras, ante Deus e ante o pobo todo; de como os nosos sumos sacerdotes e demais xefes o condenaron á morte e o crucificaron. Nós esperabamos que el fose quen liberase a Israel; pero xa van alá tres días desde que pasaron estas cousas. Claro que algunhas mulleres das nosas déronnos un susto, porque foron ao riscar o día ao sepulcro, e, ao non atoparen o corpo, volveron falando dunha visión de anxos, que lles aseguraron que el vive. E algúns dos nosos alá foron ao sepulcro, atopando todo como as mulleres dixeran; pero a el non o viron.

Entón díxolles:

- ¡Que parvos e lentos sodes para crer todo o que anunciaron os profetas! E logo, non cumpría que o Cristo padecese todo isto, antes de entrar na súa gloria?

E comezando por Moisés e todos os profetas, foilles interpretando o que as Escrituras falaban del.

Ao entraren na aldea onde ían, fixo coma quen quería seguir para adiante. Pero eles porfiáronlle, dicindo:

- Quédate connosco, porque se fai tarde, e a noite bótase enriba.

Quedou con eles. E mentres estaban na mesa, colleu o pan, bendiciuno e partiuno e déullelo. Entón abríronselle os ollos e recoñecérono; pero el desapareceu. E dixeron:

- Non ardía o noso corazón, cando nos falaba polo camiño, interpretándonos as Escrituras?

E levantándose axiña, volveron a Xerusalén. Alí atoparon os Once reunidos cos seus acompañantes, que dicían:

- É certo, o Señor resucitou e aparecéuselle a Simón.

Eles tamén contaron o que lles pasara polo camiño, e como o recoñeceran no partir o pan.

Palabra do Señor

(**sentad@s**) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

UNHAS PALABRAS DE REFLEXIÓN

Aqueles discípulos fuxían de Xerusalén, alí enterraran os seus soños coa morte de Cristo na cruz.

Vai ser no camiño e na casa onde se atopan de novo con Cristo, pero non xa aquel Cristo crucificado, senón o Cristo da Pascua, co que eles se descubren de novo vivos, cheos de vida e con soños renovados. Sen medos volven á igrexa de Xerusalén para contarlle a todos.

RENUNCIAMOS AO MAL

Celebrante Neste tempo da Pascua, deixándonos alumar pola luz da fe que recibimos no bautismo, renovamos os nosos compromisos na loita contra o mal.



Monitor/a

- Renunciades a crervos superiores aos outros; isto é: a calquera clase de abuso, discriminación, orgullo, egoísmo e desprezo?

Si, renunciemos

- Renunciades a calar diante das inxustizas e as necesidades das persoas e dos pobos, por covardía, preguiza, comodidade e vantaxes persoais?

Si, renunciemos

- Renunciades aos criterios e comportamentos que fan do diñeiro a aspiración máis grande da vida, que poñen o pracer por enriba de todo, e que aprecian a liberdade persoal por enriba da responsabilidade social?

Si, renunciemos

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste tempo da Pascua, deixándonos quecer á beira do RESUCITADO compartimos o credo dicindo
SI CREEMOS

Monitor/a:

Credes en Deus,

Pai e Nai de todos os homes e mulleres,
que nos agarima nas súas mans
e nos acolle no seu corazón?

SI CREEMOS

Credes en Xesús Cristo, o seu fillo benquerido,
sempre atento para dar unha man,
e que nos quere vivos
e dando vida á Pascua?

SI CREEMOS

Credes no Espírito de Deus,
que nos alenta esperanza para soñar irmandade,
que nos alenta forza para escandalizarnos ante a guerra,
que nos alenta paz para sementala por toda a Terra?.

SI CREEMOS

Credes na Igrexa,

unha Igrexa que se fai crible en comunidade,
acolledora, respectuosa e coidadora da terra
e de todos os homes e mulleres
que na vida se sinten inxustamente tratados?

SI CREEMOS

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: Irmáns e irmás, invoquemos agora a misericordia de Deus que nos convoca a amar a todos; oremos dicindo

SEÑOR DA VIDA, ESCOITA A NOSA ORACIÓN

Monitor/a:

✓ A Cristo, que na súa resurrección se achegou aos discípulos de Emáus, pidámoslle que todos os cristiáns sexamos exemplo da súa Pascua. Oremos

✓ A Cristo, que na súa resurrección renovou a vida e os soños daqueles discípulos, pidámoslle que nos axude a sentilo á nosa beira. Oremos

✓ A Cristo, que na súa resurrección compartiu o camiño e a casa daqueles amigos, pidámoslle que en Os Cotos sexamos quen de ser casa de fe. Oremos

✓ A Cristo, que na súa resurrección acompañou aos que fuxían cheos de medo, pidámoslle que renove a esperanza dos que fuxindo da guerra sofren e choran. Oremos

✓ A Cristo, que na súa resurrección alentou paz aos discípulos de Emaús, pidámoslle polos gobernantes para que refagan os camiños da paz. Oremos

Celebrante: Señor Xesús, que saibamos recoñecerte ao compartir a mesa e o pan, pedímoscho a ti que vives e reinas Resucitado por sempre eternamente. Amén

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Esta casa e esta mesa achéganos a Xesús. El quédase con nós, e coa súa Pascua pon luz e esperanza nas nosas vidas. Con Cristo Resucitado rezamos coa sinceridade de Fillos e Irmáns: Noso Pai ...*

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *“PAZ CONVOSCO”; as palabras do resucitado recorren dous milenios para ser pronunciadas hoxe na nosa comunidade. Fagamos honor ao noso nome de cristiáns; acollamos a paz e deamos exemplo dela no fogar, na familia, na parroquia. Sexamos hoxe e sempre homes e mulleres de paz.*

COMUÑÓN

Celebrante: *Pola man dos apóstolos facíanse moitos signos e aquela primeira comunidade botaba a andar. Nós compartimos unha mesa en comunidade como signo dunha vida toda ela compartida, no que temos, no que somos, no que amamos, no que valem. Ditosos nós convidados a esta festa da Pascua do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

 **nº 9 Acharte presente na vida**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Pai santo, estamos compartindo a Pascua do teu fillo Xesús. El, dende esta igrexa de fogar, quere ser compañeiro na viaxe, e quérenos dando razón da nosa esperanza a todos os que nos atopemos no camiño da vida, xa sexa nos días escuros ou nos cheos de LUZ. Axúdanos Ti, por Cristo Resucitado, Noso Señor. Amén.

Con Xesús Resucitado queremos poñer LUZ e esperanza de vida na nosa comunidade, no noso rural, coas nosas xentes.

Con Xesús Resucitado queremos ser AUGA viva que farta as sedes de xustiza e paz de todas as persoas que non son respectadas por pensar, crer ou vivir diferente.

Con Xesús Resucitado queremos ser PAN compartido arredor da mesa que nos fai comunidade, facéndonos cribles en Os Cotos e para toda a Igrexa.

Avísase das misas (ver folla do mes)

Que teñamos un bo día, unha boa PASCUA e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz